

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **14 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

16.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440.

Visto o informe de fiscalización do 14.11.14, dáse conta do informe-proposta do 5.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 05 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

7.- Proposta de adxudicación

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Baixada a Ríos e Doutor Corbal (expediente 2469-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Baixada a Ríos e Doutor Corbal (expediente 2469-440)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

7.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍO E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, asinada polo secretario de dito órgano con data 10.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 10 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Baixada a Ríos e Doutor Corbal (expediente 2469-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-09-2014, 12-09-2014, 25-09-2014, 30-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014 e 10-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Baixada a Rios e Doutor Corbal (expediente 2469-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU-ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S L	85,45
2	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	84,75
3	MARCONSA, S L	81,18
4	COPCISA, S A	77,21
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	44,06
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	39,37

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU-ASFALGAL TECNICAS VIARIAS SL, , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 717,52 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 16 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 27 de outubro de 2014, dentro do

Terceiro.- A Mesa de Contratación celebrada o 30 de outubro de 2014 acordou requirirle ao licitador que complete o importe da garantía definitiva. Este a presenta o 31-10-2014.

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU-ASFALGAL TECNICAS VIARIAS SL, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Baixada a Rios e Doutor Corbal (expediente 2469-440) por un prezo total de 91.631,94 euros (IVE incluído) e un incremento do prazo de garantía de 48 meses respecto do mínimo previsto de 12 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catorce de novembro do ano dous mil catorce.

Abel Caballero Alvarez.